

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL DE GALICIA

SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL

A EMM de Santiago de Compostela abre o prazo de preinscrición para aqueles cidadáns que queiran participar no SEMINARIO PERMANENTE DE MÚSICA TRADICIONAL.

O coordinador deste seminario é o profesor de clarinete e gaita desta Escola, Pablo Pascual, que conta cunha longa e recoñecida traxectoria profesional.

O proxecto que comprende seis áreas instrumentais – acordeón diatónico, gaita, acordeón tradicional, arpa, percusión tradicional e danza tradicional -, complétase con sesións de linguaxe musical, participación na agrupación tradicional, formación para a realización de arranxos musicais e teoría da música tradicional galega.

O seminario conta con músicos de recoñecido prestixio non só en Galicia, senon no ámbito internacional. As especialidades que se imparten son: Acordeón Diatónico (prof. Pedro Pascual), Gaita (prof. Pablo Pascual), Acordeón Tradicional (prof. Javier Díaz), Arpa (prof. Bleuenn Le Fric), Percusión Tradicional (prof. Miguel Anxo López), Danza Tradicional (prof. Marta Otero).

Cunha media de 12 alumnos por especialidade máis a formación grupal específica, o Seminario de Música Tradicional conta inicialmente cunha oferta educativa de 80 prazas.

Acordeón Diatónico

Pedro Pascual

O acordeón diatónico é un modelo de acordeón específico que é de uso frecuente para a interpretación do repertorio máis tradicional. As peculiaridades deste instrumento fan del un elemento idóneo para afondar no repertorio tradicional. Da man de Pedro Pascual, recoñecido instrumentista desta especialidade atoparemos un profesor e un lugar para recoñecer, aprender e practicar a técnica que diferencia este instrumento do acordeón crómico.

Gaita

Pablo Pascual

A gaita é un dos instrumentos tradicionais de Galicia máis recoñecido na nosa cultura musical. Pablo Pascual asume un papel que dende a tradición adapta o ensino deste instrumento nos novos valores educativos, non só da pedagogía do instrumento senon complementando a formación no instrumento coa participación na agrupación de música tradicional.

Acordeón Tradicional

Javier Díaz

O acordeón sempre tivo una presenza relevante na música popular galega, contando con cualificados e numerosos intérpretes, como é o caso dos Irmáns Moreira. Da man de Javier Díaz, excelente intérprete e pedagogo, moi vinculado a importantes proxectos da música galega, afondarase nas particularidades técnicas deste instrumento, no repertorio popular e no papel do acordeón na música galega, como instrumento solista e como acompañante.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL DE GALICIA

Arpa

Bleuenn Le Fric

A arpa celta é un instrumento cun papel salientable na música popular de diversos territorios, tanto en Galicia, cunha base cultural próxima. Este instrumento permite achegarse tanto a un repertorio popular, onde a arpa ten un rol versátil, así como a un repertorio de música escrita sorprendentemente amplo e orixinal. Ademáis, a EMM de Santiago conta cunha profesora, Bleuenn Le Fric, de gran bagaxe tanto na arpa tradicional como na arpa clásica, propoñendo así unha oportunidade formativa única para o alumnado.

Percusión Tradicional

Miguel Anxo López

Miguel Anxo López Buján é un dos grandes tamborileiros da súa xeración. Entende o estudo da percusión desde un profundo coñecemento técnico, como ferramenta de apertura cara novos recursos e matices, froito das actuais demandas estéticas. A súa traxectoria como acompañante de grandes solistas está chea de citas importantes e concursos de recoñecido prestixio.

Danza Tradicional

Marta Otero

A danza, o baile e a música tradicional galega xúntanse para crear novas formas coreográficas adaptadas ás posibilidades dos grupos en función das idades. Marta Otero consegue sen deformar o estilo orixinal, traballar os diferentes ritmos e coreografías propias da música galega observadas dende a perspectiva de xénero, a expresión corporal ou a orientación espacial respecto do propio corpo.

Linguaxe Musical

Hoxe en día é una ferramenta indispensable no ensino dun instrumento, non só como elemento axilizador da comunicación entre o profesorado e o alumnado, senón como auténtica linguaxe universal entre todos os músicos. Dende o seminario farase fincapé en aspectos básicos como o ritmo, a lectura, a entoación e a educación auditiva.

Agrupación de música tradicional

É o lugar onde o alumnado pode desenvolver o aprendido nas aulas, traballar e tocar en conxunto - obxectivo último da aprendizaxe dun instrumento-, en contacto co profesorado que achegará as súas experiencias. Na agrupación traballaranse aspectos básicos da música en conxunto, como a afinación, as texturas e planos sonoros, as intensidades e as articulacións conxuntas. O traballo na agrupación musical dará a oportunidade de realizar concertos durante o curso en lugares significativos da cidade.

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL DE GALICIA

Teoría da música tradicional galega

É unha materia na que se estudarán os diferentes aspectos propios da nosa música. Desde a organoloxía, co estudo dos diferentes instrumentos e as súas características morfolóxicas e musicais, ata os diferentes xéneros, tanto vocais como instrumentais, as particularidades rítmicas e melódicas da música galega, o modalismo e o tonalismo e as diferentes agrupacións e conxuntos que participan da música tradicional, a súa orixe e o seu desenvolvemento ao longo da historia.

DATOS TÉCNICOS

- **Prazo de inscrición:** por orde de inscrición na EMM, ata cubrir as prazas dispoñibles.
- **Duración do seminario:** novembro de 2015 a xuño de 2016.
- **Prezo:** 53,50 € mensuais. Inclúe especialidade instrumental, asignatura teórica (Linguaxe Musical ou Teoría da Música Tradicional Galega ou Arranxos) e agrupación tradicional.
- **Forma de inscrición:** mediante o impreso correspondente, a disposición na Escola Municipal de Música e nas páxinas web www.santiagodecompostela.org e www.esmucompostela.es

Máis información:

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 528701 info@esmucompostela.es www.esmucompostela.es

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 981 554 400 dptoeducacion@santiagodecompostela.org www.santiagodecompostela.org